

Infancias difíciles

Infantil Manuel Rivas fai callar a fantasia nos gumes do real

Milu recibe como agasallo unha televisión tan pequena coma ela que se converte na súa mellor amiga. Son as frases simples e evocadoras as que nos suxiren a súa terrible soidade desde ben cativa, un sentimento que nomea e identifica no obxecto: "Pobrña, Nana. Sempre soa!". As circunstancias mudan na casa e as respuestas que Milu lles formula desde a inocencia aos adultos que a arrodean revelan como se intensifica a soidade: desaparece a canción que o pai procura no fondo dos vasos e o silencio gaña terreo; a nai comeza a súa caída, vítima da desesperanza e perdida no labirinto da depresión e da renuncia. A nivel narrativo as escenas adquieren unha intensidade cargada de dramatismo, botando man de elementos metafóricos que inciden nos desvaríos dos adultos. E Milu? Milu soña, acubíllase na súa amiga, observa e pregunta, mentres a tristura e o silencio se apoderan da súa vida.

Milu ·
Manuel Rivas,
Aitana Carrasco
(ilustracións).
Kalandraka, 2010 ·
48 páx · 14 euros



A armazón social favorece que Milu –e Nana xaora–, coñeza o que se ve a través da fiestra dun centro de acollida, soñando que seus pais dan atopado tantas cousas perdidas. Axiña vai descubrir a existencia doutra maneira de vivir na que hai risos, música, conversa e mesmo un novo obxecto que representa o mundo todo, a esfera terrestre, no que se cadra é posible atopar o camiño de volta á casa. O doce final, axeitado ao lectorado previsto, a partir dos seis anos, instala a ilusión dunha nova oportunidade de comezar, sen esquecer que na rísa dos que máis queres reside a felicidade.

En *Milu*, Manuel Rivas aborda sen concesións un contexto familiar problemático que pon de manifesto a indefensión da protagonista. No entan-




Ilustración de *Milu* // Aitana Carrasco

to, o conxunto ofrece un tratamento delicado que resulta da mestura das pinceladas realistas con outras ateigadas de fantasía, un traballo ao que contribúen as enriquecedoras ilustracións da valenciana Aitana Carrasco. De feito, os debuxos atenden profusamente á dimensión psicolóxica e onírica da cativa, plasmando os seus soños e comportamentos e a mirada de desconcerto desde esos grandes ollos, cunha variada galería de cores, técnicas e texturas.

Un "libro solidario" que Kalandraka incorporou ao seu catálogo coincidindo coa celebración do Día Mundial da Infancia e en colaboración coa Fundación Meniños, que recibirán o 10% das vendas e mais os dereitos de autor cedidos por Rivas. Agora correspondemos a nós a colaboración, a mediación e non esquecer que na historia de Milu poden reconéixerse moitos nenos e nenas que teñen o dereito a gozar dunha infancia feliz. // Isabel Soto